

Faro *da* Cultura

Intelectuais de camisa azul

Memoria dos autores filofranquistas

JOAQUIM VENTURA

Coas feridas mal cicatrizadas corremos o perigo dunha intoxicación por exceso de sulfamida. Un algo diso pode suceder á hora de procurar as razóns que levaron a algúns intelectuais a participar –ou a non ser críticos dabondo con el– no réxime imposto despois da Guerra Civil. Unha cousa é, no campo da crítica e da historia, procurar a verdade do sucedido e outra ben distinta replicar con sectarismo contra uns e tolerar ou xustificar a outros simplemente porque uns estaban cos vencedores e outros no campo dos perdedores. Porque nin os primeiros tiveron sempre responsabilidade de sangue nin todos os segundos foron igualmente críticos cos totalitarismos chamados de esquerdas.

Un dos que sempre levaron esa eiva foi Josep Pla, probablemente o mellor prosista en lingua catalá do século XX. O seu pecado: ser conservador e participar na rede de información coñecida como SIFNE que en 1936 articulou Francesc Cambó. A recente aparición dun ensaio (*Espías de Franco. Josep Pla y Francesc Cambó* de Josep Guixà) coloca de novo en evidencia a colaboración dos políticos da Lliga cos alzados en armas contra a República. Unha participación, esta de Pla, que xa foi estudada por Cristina Badosa hai uns anos. Agora temos nova documentación daquela rede e tamén –o que literariamente é máis importante– a sospeita, ben plausible, de colaboracións sen sinatura por parte do escritor ampurdanés en publicacións falanxistas antes da guerra e –por necesidade económica– en 1938 en *La Vedetta d'Italia* e, rematada a contenda, no xornal *Arriba*.

Moi ben. Esas actuacións nun momento histórico excepcional, condicionan a calidade da súa escrita posterior? Foron moitos os que despois da Guerra Civil, malia estar no bando que resultou vencedor, se afastaron devagar dos boatos e dos cargos políticos orgánicos (Ridruejo, Laín Entralgo, Martín de Riquer). Unha cousa é coñecer a verdade histórica



FARO DA CULTURA reanudar^a a súa publicación o **xoves, 8 de Xaneiro**. Desexámoslles a todos os nosos lectores un bo Nadal e un feliz novo ano 2015.

–da cal moitos deses intelectuais nunca se agocharon– e outra ben distinta é seguir a axustar contas con eles tres cuartos de século despois.

Incluso con aqueles outros que, xa en democracia, seguiron a expresar arroutos de vencedores chegada a ocasión. Poñamos o caso de Gonzalo Tor-

rente Ballester, falanxista activo e autor dun libro de “Formación del Espíritu Nacional” (como o que tivo que estudar este cronista, libro ausente do web oficial do escritor). Contra a devolución dos “papeis de Salamanca” que a Generalitat reclamaba, non dubidou en defender a súa permanencia naquela cidade en 1995 argumentando que eran dos salmantinos “por dereito de conquista”. E ben que ten estatua en Ferrol (como tivo a amizade de alguén tan pouco sospeitoso como Carlos Casares).

Circunstancia ata certo punto distinta é a de aqueles que, sendo activos nun rexionalismo morno e posibilista, foron propostos, por prestixio, para ocupar cargos oficiais. Sería o caso de Xosé Filgueira Valverde, galeguista conservador antes da guerra civil e alcalde de Pontevedra entre 1959 e 1968. Despois de obter o recoñecemento xeral coa chegada da democracia ao seu labor, a súa elección para o Día das Letras Galegas 2015 ven de acordar a negativa dunha parte do galeguismo. Que eu saiba, nunca foi un franquista cruento.

Chegou a hora de pasar factura? Xa non son tempos para sectarismos e menos no ámbito da cultura. Acaso se podía facer máis naqueles tempos? O Museo de Pontevedra foi feito quizás contra o país e contra a cultura de Galiza? A lingua galega e mais a súa literatura, son patrimonio unicamente de certos comisarios? Eliminemos daquela a Chateaubriand, D’Annunzio, Céline, Drieu La Rochelle ou as espléndidas memorias de Albert Speer.

Arriba:
Josep Pla
(1897-1981)
visto por
Joan Martí
Aragonés.
Abaixo:
escena de
Dionísio
Ridruejo:
una pasión
española,
polo
Centro
Dramático
Nacional.